

FREI MARTÍN SARMIENTO



DÍA DAS LETRAS  
galegas

## GRUPO DE EMPRESAS INTAF / TECMAN

**INTAF, S.L.**

INDUSTRIAS Y TALLERES FRANCO



Carretera de Cedeira, Km. 1,5  
15407 / Freixo - Narón (A CORUÑA)  
[www.intaf.com](http://www.intaf.com)



**TECMAN**

Mantenimiento y Servicios

- Mecanizado Convencional y C.N.C.
- Calderería Media y Ligera
- Soldadura y Recargues Especiales
- Diseño y Construcción de Máquinas y Bienes de Equipo
- Mantenimiento Industrial

Tel: 981-397281 / Fax: 981-397282  
E-Mail: [general@intaf.com](mailto:general@intaf.com)

TRABAJANDO CON FIDELIDAD A NUESTROS  
PRINCIPIOS FUNDAMENTALES DE  
PROFESIONALIDAD, EFICACIA EN LA  
RESPUESTA Y CALIDAD INTEGRADA EN LA  
GESTIÓN, EN EL PRODUCTO Y EN EL SERVICIO  
AL CLIENTE COMO FRUTO DE UN  
EQUIPO HUMANO ALTAMENTE CUALIFICADO

- Mantenimiento Industrial y Reparaciones
- Montajes e Instalaciones
- Fabricación y Suministro de Racorería, Mangueras y Latiguillos
- Suministro de Repuestos y Equipos Industriales

Tel: 981-397283 / Fax: 981-397284  
E-Mail: [tecman@intaf.com](mailto:tecman@intaf.com)



# Prosista en galego

**Sarmiento cultivou a prosa en galego de xeito moi puntual, pero non por eso deixa de posuír unha decisiva importancia no paupérrimo contexto prosístico galego dos Séculos Escuros.**

## ARMANDO REQUEIXO

Cando se pensa no sobresaliente labor cultural levado a cabo por Sarmiento sempre se lembra o seu quefacer como estudioso e coñecedor de tódolos saberes xeográficos, históricos, astronómicos, botánicos, zoolóxicos e médicos da súa época, ó que se acostuma engadir a súa decidida defensa da lingua galega e mesmo as súas sabias puntualizacións pedagóxicas.

Ora ben, non debe esquecerse que Sarmiento foi tamén un histórico cultivador da prosa en lingua galega. É ben certo que tal circunstancia se produciu de modo puntual, mais non por iso deixa de posuír unha decisiva importancia no paupérrimo contexto prosístico galego dos Séculos Escuros.

Neste sentido, a convicción que o frade bieito tiña da conveniencia de ensinar os nenos e nenas galegos na súa propia lingua fixo que inserise no Onomástico etimolóxico de la lengua



gallega (1769) un breve fragmento en galego onde se explicaba "con voces vulgarísimas, triviales y que entiendan todos" un concepto científico abondo complexo como o da paralaxe. Por outra banda, este texto de Sarmiento constitúe unha mostra de singular re-

levo para a historiografía prosística galega ó ser o único exemplo de escrita didáctica dende a Idade Media.

De feito, este escrito de Sarmiento é unha das contadas mostras que conservamos da prosa galega de tódolos Séculos Escuros. Así pois, non cabe dúbida de que este texto adquire, visto dende o soarego do século XXI, un especial interese, tanto polo feito mesmo de servir de ponte xenérico-literaria canto ó que á prosa didáctica se refire como, sobre todo, por ser un moi prezado testemuño textual a través do cal estudar o estado da nosa lingua na aquela altura histórica.

Xa que logo, coído proveitoso reproducir para rematar a amentada prosa, pois malia os moitos e moi valiosos traballos que sobre Sarmiento se fixeron nestes últimos tempos, segue aínda a ser difícil para o lector común dar con un precioso textiño, que se inclúe ó carón destas liñas.

## Que é paralaxe

Explíquesse a un niño la voz paralaxe de este modo: ¡Ay meniño! Olla, sê tê pôs debaixo de un melon que está colgado do fayado anque a tua vista estropeze nõ melon, fay de conta que ela vay a parar ao cravo do càl o melon està dependurado. Arrédrate 10 ou 12 pes á calquer lado da sala. Vota á vista polo melon, e verás que jã ela non vay á parar ao cravo, sênõn á un ponton, que està distante dele. Nisto se fay nõ melon, con as duas raíñas da vista huma cruz ou tixeyra aberta. Así pois á aquela variación de lugares, que a vista fay no fayado chaman os gregos e os latins parallaxis, e ti chamarás paralaxe.

**Enviroil Galicia, s.a.**  
ENERGIAS RENOVABLES Y DESIMPACTO AMBIENTAL

Al servicio del Medioambiente

cierra el ciclo: Suministramos, Recogemos y Tratamos